

BASES CAMPAÑA VERÁN ABE 2022

1. A ABE organiza unha campaña de promoción comercial de verán co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante estas datas.

2. A campaña desenvólvese dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto, e os clientes deben rexistrar o tickets ou facturas de calquera das empresas asociadas mediante a aplicación instalada na web da ABE www.abe.gal.

3. Cada rexistro correcto será unha participación no sorteo.

4. Os tickets serán válidos para a quincena na que se rexistraron sempre que teñan a data indicada na base 2 e correspondan a unha empresa asociada a ABE. Pódese consultar o listado actualizado de empresas en www.abe.gal

5. Premios. En cada quincena realizarase o sorteo de unha bicicleta e tres premios en vales de compra cos seguintes importes:

- ✓ 250€
- ✓ 150€
- ✓ 100€

6. Datas dos sorteos

- ✓ Tickets rexistrados do 1 ao 17 de xullo >> sorteo o 18 de xullo
- ✓ Tickets rexistrados do 18 ao 31 de xullo >> sorteo o 1 de agosto
- ✓ Tickets rexistrados do 1 ao 15 de agosto >> sorteo o 16 de agosto
- ✓ Tickets rexistrados do 16 ao 31 de agosto >> sorteo o 1 de setembro

A organización reservase o dereito a mover algunha das datas do sorteo se forse preciso o cal o comunicará na web e redes sociais.

7. Os vales de compra soamente se poden utilizar para mercar nos establecementos participantes sen posibilidade de cambiarse por cartos nin de facer devolucións de efectivo.

8. A ABE contactará cos premiados e difundirá os mesmos tanto na web como nas redes sociais.

9. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.

10. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.